

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	SAN CRISTOVO DE CEA
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Fagundo de Cea
<b>Dirección</b>	Lugar de San Facundo, 1. 32139
	42.461305 -8.009198
<b>Protección</b>	

## Descricion

A igrexa de San Fagundo conserva a súa fábrica románica no tramo correspondente á nave rectangular xa que a cabeceira orixinal derribouse no primeiro terzo do século xx para levantar unha nova, seguindo as solucións constructivas características do estilo barroco, é dicir, dispoñendo unha planta cadrada e unha anchura e alturas superiores ás da nave. A actual espadana e a cabeceira de época moderna rompen a composición volumétrica típica dos templos románicos, onde a horizontalidade, o predominio da liña e o ángulo recto son unha constante.

Os muros construíronse con sillares de granito isódomos, colocados en fiadas horizontais, e teñen un espesor considerable, sendo maior nos lenzos laterais da nave que nos da súa cabeceira. Ditos muros levantáronse dispoñendo dos paramentos de sillares paralelos e reenchendo o espazo existente entre ambos con ripio, é dicir, unha composición a base de pedra menuda e unha amalgama de area, cal e auga.

O tellado da nave dispónese a dúas augas tal como debeu de ocorrer no momento da súa construción en época medieval.

A porta principal de acceso á igrexa ábrese nun corpo que sobresaie lixeiramente da parte inferior do hastial occidental. O vano de entrada enmarcado con dous contrafortes con chafláns e, entre ambos, podemos ollar cinco canzorriños con función decorativa e protectora. A portada consta de dúas arquivoltas e unha chambrana de directrices lixeiramente apuntadas.

Na cara exterior do tímpano consérvase un epígrafe, hoxe en día moi erosionado debido ás inclemencias e ó paso do tempo. Existen certas discrepancias entre os autores que analizaron á hora de interpretar a data da Era ó cal se refere o texto. Nembargantes, si se aceptan las propostas das últimas investigacións realizadas, a interpretación adecuada da inscrición sería a seguinte: e[ra] : m : CCXLIII / VIII idvs marcii. Polo tanto, a data correspóndese co oito de marzo de 1206, momento indicativo da finalización das obras ou da consagración da igrexa.

O muro norte que serve de peche lateral da nave apenas presenta elementos arquitectónicos chamativos. Para proporcionar iluminación ó interior do templo; nel abrese

unha sinxela xanela do tipo saeteira con arco de medio punto.

A fachada sur estrutúrase dun modo homólogo á septentrional. Nela ábrese unha porta enrasada co muro que posúe un tímpano apuntado similar ó da portada principal, pero de dimensións máis reducidas.

No muro meridional practicouse unha xanela do tipo saeteira de arco semicircular para proporcionar luminosidade á nave.

A cabeceira que pecha a nave pola zona oriental presenta unha planta rectangular, é máis ancha e alta ca nave e cóbrese cun tellado a catro augas.

A portada principal, na súa cara interna, caracterízase pola disposición dun arco apuntado de sección triangular, perfilado en arista viva, e apoiado directamente sobre as xambas. Asimesmo apreciase o tímpano monolítico liso.

As características arquitectónicas e decorativas da igrexa de San Fagundo de Cea amosan unha estreita vinculación co veciño mosteiro cisterciense de Santa María a Real de Oseira, cuio influxo no territorio adxacente maniféstase dun modo significativo e, incluso, propúxose a participación na construción do templo dedicado a San Fagundo de canteiros formados ou procedentes de Oseira.

Á hora de establecer unha datación para o presente monumento, ademais de contar coas pertinentes características arquitectónicas e estilísticas, dispónse dunha referencia excepcional: a inscrición que figura na cara exterior do tímpano da portada principal de acceso, é dicir, a occidental. Este texto epigráfico garda un estreito vínculo cun documento, datado en xaneiro de 1195, no cal menciónase por primeira vez a existencia dunha igrexa en San Fagundo de Cea. En base a esta información, a construción deste edificio pode datarse entre a última década do século XII e a primeira do século XIII.

<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	www.romanicodigital.com
<b>Data</b>	29-01-2025

### Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor</a>	<a href="#">RUIZ</a>	1870	50	72
Espadana	<a href="#">Maior</a>	<a href="#">RUIZ</a>	1871	60	125

Información completa: [Igrexa de San Fagundo de Cea - SAN CRISTOVO DE CEA \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)